





1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: A Laracha; Carballo. Parroquia: Santa María do Socorro de Caión, na parte centro oriental e oriental; San Salvador de Rebordelos, na parte máis occidental. Extensión: 1,31 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa acantilada baixa e irregular, con paredes inclinadas que presentan plataformas rochosas irregulares na base, e un retroceso diferencial marcado con presenza de furnas e bufadoiros. Estas paredes están fosilizadas, en moitas ocasións por depósitos antigos de orixe fría. As vertentes presentan unha sucesión de dous perfís cóncavos, o que é debido a liñas de debilidade tectónica paralelas e oblicuas á costa. Desenvólvese así un chanzo inferior cóncavo cunha estreita chaira costeira sobre a que se desenvolve unha ladeira de pendentes fortes de entre o 30% e 40%. Esta ladeira dá a unhas cimas redondeadas tras as que aparece un rechán de rebaixe tectónico. Este rechán dá paso de novo a outra vertente empinada, pero menos que a primeira, con pendentes entre o 20% e 30% que chega ata as cimas que pechan a unidade. Estas cimas acadan os 225 m de altitude. Inclúe o EIX Bufadoiro de Caión.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio de migmatitas e dun granito cataclástico de dúas micas, ambos os dous hercinianos. A migmatita ocupa unha ancha banda no sector centro-meridional. No norte, no granito intercálanse estreitas bandas (NE - SO) de gneises alcalinos precámbricos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Subhúmido. A temperatura media anual supera os 14° C e as precipitacións medias acadan valores entre 1000 mm e 1200 mm ao longo do ano, aínda que son un pouco maiores na cabeceira da vertente acantilada onde se chegan a rexistrar ata 1400 mm. Pola súa banda, a oscilación térmica media sitúase entre 12,5° C e 13,5° C para toda a unidade.

OS SOLOS

No extremo occidental aparecen os pouco correntes cambisoles eútricos. O resto da unidade desenvolve os pouco evolucionados umbrisoles dístrico-lépticos.


AS AUGAS

Rede fluvial pouco significativa debido á natureza acantilada da unidade, polo que se desenvolveron valgadas de forte pendente e escasa prolongación continental. A máis destacada é o Rego das Rexas. Verte na zona de contacto entre dúas masas de Augas Costeiras do ámbito da costa de Caión (20131 e 20132).

O PATRIMONIO NATURAL

Litoral do IBA Costa da Morte. Incluída no LIC Costa da Morte, trátase dunha unidade acantilada que desenvolve o hábitat 1230 de acantilados costeiros atlánticos e o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, en plataformas rochosas e algún coído. Presenta o hábitat 8330, furnas mariñas mergulladas e semimergulladas. Pero o hábitat máis extenso e conservado é o das matogueiras costeiras, en concreto, o de breixeiras secas europeas (4030) e 4040 breixeiras secas costeiras atlánticas con Erica vagans. Na valgada de Visinande e Rego das Rexas poden aparecer breixeiras húmidas de Erica ciliaris e Erica vagans (4020), en especial nesta última, onde tamén se atopan pequenos bosquetes ripícolas (91E0) e de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade presenta un marcado carácter rural definido pola escasa presenza de edificacións e a predominancia de espazos abertos, ocupados na súa maioría por formacións vexetais costeiras. De menor entidade son os espazos ocupados por repoboacións forestais, esencialmente de piñeiro e eucalipto, situados no extremo meridional da área de estudo. As parcelas cultivadas circunscribíense ao contorno próximo das edificacións aproveitando que se trata dun espazo topograficamente máis favorable, no centro leste. Por último, cómpre mencionar a existencia de dúas coberturas de grande interese ambiental relacionadas con elementos naturais. Por unha banda, a fronte acantilada ligada ao litoral e, por outra banda, a presenza de zonas hidromorfas de gran valor ecolóxico vinculadas ao tránsito do Rego das Rexas pola unidade.

MORFOLOXÍA

A tipoloxía das parcelas, aínda que non é perceptible na actualidade, responde a unha estrutura minifundista testemuñada pola evolución paisaxística da unidade ao longo dos anos e polo marco xeográfico en que está encadrada. No ámbito da aldea do Campo da Costa perduran algúns campos de cultivo, que así o demostran cercados por sebes naturais e na súa maioría tendentes ao abandono.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Pola unidade tan só discorre unha estrada principal (CP-1909) que vertebra o litoral comunicando Caión coa Laracha. Tamén existe unha pista forestal paralela á liña de costa que enlaza con outras unidades deste sector. Ademais do mencionado anteriormente, distínguese toda unha rede de camiños non aptos para vehículos que percorren todo o espazo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade non existen elementos arqueolóxicos, históricos ou culturais de interese recoñecido, coa excepción dunha edificación situada no lugar de Campo da Costa que posúe elementos arquitectónicos singulares.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Nesta unidade, de carácter rural, non existen transformacións antrópicas importantes. Caracterízase principalmente polo seu valor ecolóxico e polo predominio de elementos naturais. O espazo constitúese como un lugar tranquilo, lonxe dos grandes núcleos de poboación e onde gozar da natureza, contemplar os entrantes ou furnas que aparecen nos acantilados costeiros, e recrearse coas construcións típicas da paisaxe agraria.

DINÁMICA DA PAISAXE

A unidade sufriu, non obstante, algunhas transformacións dende mediados do século pasado, especialmente no que se refire aos usos do solo. Orixinariamente este espazo estaba cuberto por campos de cultivo e pradarias ligadas ao núcleo de Caión. A medida que se diversificaba a economía familiar, establecéndose así unha menor dependencia do campo, estes espazos abandonáanse debido á súa distancia con respecto ao núcleo principal e á baixa produtividade que presentaban. Unha vez abandonados, son colonizados de xeito natural por formacións vexetais de porte arbustivo, hoxe maioritarias no sector máis próximo á costa, ou reutilizados para o cultivo forestal (especialmente na zona meridional da unidade), tal e como se pode ver na actualidade. A rede de camiños existente desaparece baixo a cuberta vexetal, polo que todos os desprazamentos se fan sobre a CP-1909 que une a aldea de Campo da Costa cos núcleo próximos.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe de maior interese localízase ao redor da fronte litoral, onde aparecen fitos xeomorfolóxicos de relevancia (furnas) que alternan con espectaculares afloramentos rochosos que flanquean toda a orla costeira recollida dentro da Rede Natura 2000. O fondo escénico e o marcado carácter rural da unidade incrementan a calidade paisaxística dunha marxe costeira especialmente ben conservada, para cuxa observación resultan adecuados os miradoiros situados no Monte Figueirido e no Monte do Espírito Santo.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



